

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE AS MEDIDAS DE ACTUACIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN E PLAN MADRUGA RIANXO 2021 DO CONCELLO DE RIANXO NO MARCO DO COVID19

O Concello de Rianxo, comprometido na loita contra a COVID-19 e na procura de lograr a maior protección das nenas e nenos participantes do campamentos de verán 2021 e das súas familias, implantará un protocolo de prevención que rexera o funcionamento da actividade.

Todas as actuacións vinculadas co Campamento De Verán Rianxo 2021 estarán condicionadas á evolución da COVID-19, e poderá verse modificado seguindo as normativas actualizadas.

Ademais de medidas organizativas que se levarán a cabo, para que o protocolo sexa eficaz precisamos da colaboración das persoas participantes e das súas familias. É por isto que, ademais da medidas que afectan directamente ás mesmas, trasladamos unha información precisa sobre todas as normas que serán implantadas no Campamento.

- Condicións de hixiene e prevención nos que se vai a desenvolver a actividade.
- Medidas de adecuación da actividade á COVID-19.
- Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou riscos de contaxio.

Antes do comezo da actividade, as familias serán informadas de todas as medidas de hixiene e prevención que se van establecer para o bo desenvolvemento do campamento e terán que asinar unha declaración responsable de aceptación de condicións de participación, obrigación de información e consentimento informado.

Deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte á COVID-19, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada coa COVID-19 non acudirá e contactará co persoal monitor da súa actividade.

Condicións de hixiene e prevención nos que se vai a desenvolver a actividade

- As persoas que exerzan como persoal monitor nos campamentos, así como todas as persoas que traballen na actividade en labores auxiliares, recibiron formación sobre as medidas hixiénicas e sanitarias para evitar a propagación do virus.
 - Intensificación das tarefas de limpeza e desinfección dos espazos e materiais.
 - Instalaranse puntos de hixienización de mans. Tanto no momento de acceder as instalacións, como cada certo tempo, os nenos e nenas hixienizarán as mans.
 - As familias procurarán vixiar a temperatura da nena ou neno cada día antes da actividade.
 - Manterase a distancia de seguridade de 1,5 metros.
 - Obrigatorio o uso de máscara (cada participante ten que traer a súa así como un estoxo cunha de reposto).
 - Para os menores de 6 anos, será obrigado o uso de máscara nas entradas e saídas, e nos momentos de circulación polas instalacións, aínda que recomendamos o seu uso de forma continuado.
 - Uso exclusivo do material e desinfección do material compartido.
 - Cada grupo utilizará material propio e, cando se vaia a compartir, antes será desinfectado.
 - Sinalización visible sobre as medidas hixiénico sanitarias e de prevención.
 - Primaranse as actividades en exterior e de non ser posible, os espazos interiores que se usen estarán ventilados.
 - Portas abertas para evitar o contacto cos pomos.
 - En caso de mostrar síntomas compatibles coa COVID-19, deberá informar aos responsables da actividade e non acudir a actividade.
-

Medidas de adecuación da actividade á COVID-19

- Adaptouse a organización do campamento, dividíndose ás nenas e nenos en grupos que usarán instalacións independentes, seguindo as indicacións das autoridades sanitarias.
 - Crearanse grupos burbulla de como máximo 10 participantes.
 - Cada grupo contará cun espazo interior e exterior propio.
 - Evitarase a realización de actividades entre varios grupos. No suposto de actividades colectivas que requiran interaccións con outros grupos, manteranse as oportunas medidas de distanciamento e prevención.
 - Rogarase a máxima puntualidade ás familias para respectar os horarios de entrada.
 - As nenas e nenos serán recibidos polo persoal monitor na zona habilitada para a agarda. Desinfectarán as mans con hidroxel e entrarán para o lugar asignado ao seu grupo.
 - As familias esperarán na zona habilitada para a agarda, na entrada do recinto, evitando aglomeracións. Só sé permite unha persoa por participante.
 - No inicio do campamento, e como medida de acompañamento aos máis cativos (nenos/as nados de 2017 e 2016) poderase acceder ao recinto acompañado por un adulto.
 - O persoal monitor velará pola seguridade da actividade mediante o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
 - As actividades estarán adaptadas para favorecer que se cumpran as medidas de prevención e hixiene e primaranse as actividades dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, aínda que intentando non perder a dinámica de grupo.
 - No momento do fin da xornada, cada persoa responsable, levará de forma ordenada ao seu grupo até a saída do recinto e entregará as nenas e nenos as súas familias.
 - Sen alarmar, porque os Campamentos se realizan coas máximas garantías posibles, é necesario que as familias conciencien as nenas e nenos sobre a necesidade de observar estas normas de protección individual e colectiva.
-

Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou riscos de contaxio.

- No Campamento de Verán 2021 implantaranse medidas para a formación e capacitación do persoal ante a COVID-19, con especial atención ás medidas de emerxencia a adoptar en caso de risco de contaxio.
 - As medidas de prevención e as de adecuación da actividade propostas, van dirixidas precisamente a reducir o impacto de un posible contaxio nos participantes na actividade.
 - Existirá unha persoa responsable de dirixir as accións de actuación de emerxencia en caso de contaxio ou sospeita do mesmo.
 - En caso de que unha familia detecte síntomas compatibles coa COVID-19 en un neno ou nena participante na actividade ou en algunha persoa do seu entorno inmediato,
 - A familia deberá contactar de forma inmediata cos responsables da actividade para comunicarlle a circunstancia.
 - A persoa designada comunicará tal circunstancia coas autoridades sanitarias facendo entrega dos listados de participantes que puideron ter contacto co menor que presenta síntomas.
 - Trasladarase información de tal circunstancia ás familias participantes, sempre respectando o dereito á intimidade da persoa menor que presenta síntomas.
 - En función das recomendacións das autoridades sanitarias, poderase suspender temporalmente as actividades dese grupo ou do conxunto dos grupos que compartan recinto coa persoa menor que presenta síntomas.
 - En caso de que se detecten síntomas compatibles con a COVID-19 durante o Campamento,
 - Sen alarmar nin provocar situacións de pánico inxustificadas, a persoa responsable do grupo no que participe a menor, comunicará á persoa designada pola organización a situación.
 - A persoa menor que presenta síntomas, evitando alarmas innecesarias, será levada a outra estancia previamente preparada para ser usada en estas circunstancias (espazo Covid).
 - A persoa designada alertará ás autoridades sanitaria e a familia, e porá a disposición das mesmas todas as listaxes dos distintos grupos participantes na actividade.
 - En todo momento seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.
-